


# Valados



de Agustín Fernández Paz




O 9 de novembro de 1989, hai agora 20 anos, caía por fin o Muro de Berlín.



Un muro que se construíra en 1961, cando Europa estaba dividida en dous bloques por mor da guerra fría.



En poucos días ergueuse un muro que dividía a cidade en dúas partes, barrio a barrio, rúa a rúa. E que rematou separando familias, amizades, persoas, durante case trinta anos.





Porque os muros, calquera muro, sempre acaban por caer.



Antes, na historia de Europa, nun século XX que foi pródigo en matanzas, houbera xa outros terribles muros.






Como o do gueto de Varsovia, onde foi concentrada a poboación xudía na Alemaña nazi.



A película *El pianista* ofrece un testimonio daquela realidad.



E, xaora, os muros e aramados de Auschwitz, Mauthausen, Treblinka, e outros campos de concentración construídos pola obsesión exterminadora do goberno de Hitler.




Tamén os dos refuxiados republicanos, entre eles tantos galegos, no sur de Francia tras a derrota da guerra civil.



Poderíase pensar que, tras a caída do muro de Berlín, a práctica de erguer aramados, muros, valados caería en desuso. Que o de Berlín sería un símbolo do que non tería que suceder nunca máis.



Mais non...




Non foi así...

Na actualidade, existen no mundo 17 grandes muros ou barreiras, que suman un total de 7500 quilómetros. Son os muros «erixidos para dividir, para impedir migracións, para protexer os que teñen algo que protexer».



Cemento, arame de pugas, esteos de aceiro...



...todo para impedir o paso ás persoas ou ás ideas.







Aínda que o pretexto máis habitual é o de evitar a chegada de xente que foxe da pobreza, que ten fame, que desexa unha vida mellor. Os muros érguense para manter os privilexios dunha sociedade onde os capitais e as mercancías dos poderosos poden moverse libremente...





Todo o anterior refírese aos muros físicos, os máis evidentes. Pero existen tamén outros muros invisibles...



Os máis numerosos, os máis difíciles de combater. Os que están tan presentes en sociedades como a nosa, os que favorecen a exclusión social e a inxustiza.



Os que permitem que coexistam a riqueza máis obscena coa pobreza e a falta de recursos mínimos para unha vida digna.



Dos muros físicos, o máis coñecido é o que Israel está a erguer en terras de Palestina, co pretexto de evitar ataques terroristas.




En realidade, o muro serve para anexionar as mellores terras de Cisjordania, para favorecer novos asentamentos de colonos israelís, para controlar os importantes acuíferos da zona, para reducir á nada as posibilidades de existencia dun estado palestino digno de tal nome.





«É difícil concibir que o mellor xeito de combater o terrorismo sexa afundindo todo un pobo na miseria, o desemprego e un sistema de vida claustral e abusivo que se asemella moito ao dos campos de concentración». Mario Vargas Llosa.






Un muro que tenta frear a emigración desde México, un muro que actúa de fronteira entre EEUU e Latinoamérica, entre o Primeiro e o Terceiro mundo.




1100 quilómetros de longo, 5 metros de altura, cámaras, infravermellos, torres de vixilancia... Todo para evitar a inmigración latinoamericana, e preservar a riqueza e o nivel de vida da sociedade norteamericana.





España tamén é triste protagonista desta práctica de erguer muros. Os valados de Ceuta e Melilla, na fronteira de Marrocos.





Trátase dun dobre valo de arame de 6 metros de alto, complementado con madeixas de arame de pugas entre os dous muros.






Erguéronse para impedir esta inmigración que subía de África arriba ata chegar a Marrocos, á fronteira que lles permitía chegar a Europa.




O que se conseguiu foi que, cegada a entrada, as correntes migratorias se dirixisen, a través do mar, en caiucos, ás costas canarias.





Unhas terras que Marrocos anexionou, tras o abandono de España,  
a que foi potencia colonial ata 1975.




E hai moitos máis muros físicos...



O que constrúe Arabia Saudí para illarse dos países veciños...




Os levantados polo exército USA en Bagdad, para illar unhas zonas de outras...





O que separa as comunidades grega e turca na illa de Chipre...



O da cidade de Padua, en Italia, levantado para illar un barrio de inmigrantes africanos...





Aí están, tentando impedir as ansias de xustiza e de igualdade.





Pero como di Mayor Zaragoza: «Os valados só permiten unha contención temporal; despois, aínda os máis altos e fortes vólvense vulnerables, ata que un día desaparecen ou son destruídos polos cidadáns».



Con todo, ademais destes muros físicos, nas sociedades occidentais, sobre todo nas cidades, medran os muros que separan uns cidadáns doutros.



Muros que, como di Nicole Muchnick, «son o perfecto paradigma do que a humanidade non quere nin oír mencionar, ou sexa a igualdade (...) sempre se trata de protexer eses continentes, países, comunidades, barrios ou familias que “posúen máis” contra os que “posúen menos”».



Os muros que levanta a pobreza, a exclusión social de orixe económica.




Os muros de clase social, os que crean guetos nas cidades. Como a «banlieu» en Francia, onde se amorea a emigración, tamén a de segunda ou terceira xeración.





En realidade, o que ergue estes muros invisibles é o odio ao diferente e a protección dos xeitos de vida privilexiados.





**Xa abonda! É hora de  
botarmos abaixo todos os  
valados!**



Nesta presentación soaron as cancións «Time» de Kroke e «El hechizo de Babilonia» de Luís Delgado con Mariem Hassan.

